



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### PONTECESO

##### Secretaría

*Aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal nº 23 reguladora da taxa polo outorgamento das licenzas urbanísticas*

##### ANUNCIO

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada o día 9 de xuño de 2025, adoptou o acordo de aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal nº 23 reguladora da taxa polo outorgamento das licenzas urbanísticas.

De acordo co disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local e co 56 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime loal, o dito acordo sométese a información pública durante o prazo de 30 días hábiles mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro da sede electrónica do Concello para que as persoas interesadas poidan examinar o expediente e presentar as reclamación e suxestións que estimen oportunas.

No caso de reclamacións e suxestións, adoptarase o acordo definitivo que proceda, resolvendo as alegacións presentadas e aprobarase o texto definitivo da ordenanza. No suposto de non se presentaren elevarase a definitivo o acordo inicial de aprobación.

Ponteceso, 20 de xuño de 2025

O alcalde,

José Manuel Mato Martínez

2025/4125